

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xuño 2020**

Ás 17.00 horas do día 18 de xuño de 2020, réunese a comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/4065789> remitido coa convocatoria) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Juan Marquina Fuentes, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo real dos asistentes, aos que reconece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE MAIO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de maio de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 21 de maio de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS RELATIVA Á APERTURA DOS CENTROS OCUPACIONAIS.-

D.^a Montesarrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, expón o contido da súa moción e das propostas de acordo dela, se ben solicita que se suprima da proposta de acordo á referencia “...para a realización de terapias individuais...”, pois estas xa foron retomadas nestes días.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, amósase conforme co contido da moción e manifesta o seu voto favorable.

D. Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, indica que conseguirá información sobre este asunto manifestando a súa reserva de voto para o pleno.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, indica que apoiarán a proposta de Cs, sinalando que non se entenden os acordos adoptados polo Consello da Xunta de Galicia mantendo pechados servizos tan esenciais como estes centros ocupacionais ou as escolas infantís.

A **presidenta da comisión** indica que en principio están de acordo co contido da moción.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e a abstención de DO (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Instar á Consellería de Política Social e Sanidade e á Xunta de Galicia para que posibilite a apertura dos centros ocupacionais da provincia de Ourense, nomeadamente a Asociación Limisi de Xinzo de Limia, coa flexibilidade de avanzar a pequenos grupos (se a situación o permite) cumprindo coas medidas de distanciamento, prevención e hixiene.

3º.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE A XUNTA DE GALICIA E CARGOS PÚBLICOS RETOMEN ÁS SÚAS RESPONSABILIDADES PROPIAS

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, dá lectura da moción que presenta o seu grupo, insistindo en reclamar da Administración do Estado e da Xunta de Galicia unha mellor atención á veciñanza, e indicando que os concellos, e en particular os servizos sociais municipais, son os que están a asumir a maior carga de traballo por mor desta crise provocada pola pandemia do COVID-19.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, amósase de acordo co contido da moción, engadindo que un dos grandes problemas que vai deixar esta crise da pandemia do COVID-19 vai ser a da conciliación, instando ao grupo de goberno da Deputación Provincial a que vaia reflexionando sobre esta problemática e o xeito de poder contribuír a poñerlle solución.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, indica que coseguirá información sobre este asunto manifestando a súa reserva de voto para o pleno.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, quere deixar constancia dos servizos que durante esta crise se están a prestar dende a Administración do Estado, poñendo como exemplo ao persoal do SEPE que está a teletraballar dende o primeiro día.

A presidenta da comisión indica que o seu grupo conseguirá información e reserva o seu voto para o pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3) e de DO (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que coa máxima urxencia e habilitando os protocolos preventivos que procedan debido á crise sanitaria provocada polo COVID 19, se artellen os mecanismos para acadar unha mellor atención aos cidadáns por parte da Administración Xeral do Estado en Galicia

nos departamentos das súas competencias tal como a Tesourería da Seguridade Social, o SEPE ou o Servizo de Estranxeiría.

2º.- Que tamén con carácter urxente a Xunta de Galicia, en correspondencia coas competencias que lle corresponden estatutariamente e no ámbito da lexislación que regula o marco de fondos COVID 19, proceda á apertura dos centros de día e centros ocupacionais, tanto públicos como privados, cos protocolos necesarios para minimizar o risco de contaxio, dada a imposibilidade de afrontar en soidade esta situación por parte das familias e o impacto negativo que a situación de peche está a provocar tanto nas familias como nos aspectos físicos e cognitivos dos/das usuarios/as.

3º.- Así mesmo, que a Xunta de Galicia proceda a artellar os medios para a apertura das escolas infantís e de cara a setembro dos centros públicos de ensino como xeito de garantir a conciliación familiar e laboral e tamén de manter un marco formativo estable e garantido para todo o alumnado en situación de equidade

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA INSTARLLES Á XUNTA DE GALICIA E AO PARLAMENTO GALEGO A QUE INVESTIGUEN A XESTIÓN NAS RESIDENCIAS DA TERCEIRA IDADE DOS CONTAXIOS E FALECEMENTOS POR CORONAVIRUS EN GALICIA E OURENSE, E PARA QUE GARANTAN UNHA ATENCIÓN RESIDENCIAL DE CALIDADE PARA AS PERSOAS MAIORES NA NOSA TERRA.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, dá lectura ao contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, manifesta a reserva de voto do seu grupo para o pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que en principio se amosa conforme co fondo da moción proposta. Que en todo caso se debe facer unha reflexión de que puido fallar durante a xestión desta crise nas residencias da terceira idade, e indicando que é un feito que as residencias públicas resistiron moito mellor as consecuencias da pandemia, o que nos debe levar a todos a reflexionar sobre o modo de xestión destes servizos.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, indica que conseguirá información sobre este asunto manifestando a súa reserva de voto para o pleno.

A presidenta da comisión sinala que este asunto merece unha reflexión sosegada e sobre o que non se debe frivolar, polo que require unha análise moi detida e atendendo a todas as variables que se puideron dar nesta crise do COVID-19.

Toma novamente a palabra don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indicando quen el non se dá por aludido co comentario da presidencia sobre a frivolidade do asunto, recoñecendo que todo o que afecta á saúde e benestar dos nosos maiores merece toda a atención posible.

A presidencia pide desculpas por se se interpretou mal o seu comentario, engadindo que a saúde e o benestar da terceira idade é e debe ser un dos principios aspectos das políticas sociais das diferentes AAPP.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), a abstención do BNG (1), de DO (1) e Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Popular (5) **non** se ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ao Parlamento de Galicia a:

a. Crear unha comisión de investigación sobre a xestión nas residencias da terceira idade dos contaxios e falecementos por mor da crise da Covid-19.

2. Instar á Xunta de Galicia a:

a. Presentar un informe no Parlamento de Galicia onde consten as accións realizadas ata o momento nas residencias da terceira idade así como os expedientes abertos, e as sancións aplicadas ante posibles incumprimentos.

b. Dotar a todos os profesionais das residencias de maiores de equipos de protección (EPIs), así como a realización de probas PCR ao persoal e a internos das residencias.

c. Elaborar un plano para a medicalización de forma efectiva das residencias, con criterios sanitarios, diante da posibilidade de novos rebrotes da pandemia nos vindeiros meses.

d. Garantir de medidas de hospitalización para persoas das residencias que o precisen.

e. Inspeccionar e avaliar o cumprimento da normativa legal vixente en todas as residencias da terceira idade e, no seu caso, revisar e rescindir os concertos ou contratos con entidades ou empresas que acumulen incumprimentos desta.

f. Establecer un mecanismo de acceso á información para as familias dos residentes transparente, estable, fiable e diario, facilitando datos do estado de ocupación e a evolución das persoas residentes.

g. Que a próxima residencia da terceira idade que se construíra en Ourense sexa de xestión pública e directa.

h. Poñer en marcha medidas para axudar ás familias que están custeando prazas privadas, agardando por unha pública, que queden sen recursos ou os vexan minorados por esta situación de crise sanitaria.

i. Mudar as políticas de privatización e a camiñar cara a xestión directa dos centros socio-sanitarios de atención á dependencia.

j. Que se investigue o sucedido nas residencias San Carlos de Celanova, Nuestra Señora de Fátima do Barco de Valdeorras e a residencia Nuestra Señora de la Esperanza de Ourense -así como en todas aquelas residencias da provincia na que houbo mortos durante a crise do coronavirus-, a fin de aplicación e efectividade dos protocolos, e que se lles aclare aos afectados ou, no seu caso, aos familiares, as dúbidas que albergasen sobre a corrección ou idoneidade das pautas seguidas, e se lles explique co maior detalle posible o razoamento que leve á dedución dalgún tipo de responsabilidade.

k. Que co fin de abordar coa maior humanización posible situacións extremas como as vividas, se siga a traballar en protocolos de comunicación e información aos familiares

Todo isto para protexer aos nosos maiores, vulnerables polo declive asociado á idade e pola agrupación na que viven nas residencias, porque é de xustiza social garantirlle unha vellez digna ás persoas que loitaron por nós, e porque traxedias como estas non deben volver acontecer nunca máis.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A PROPORCIONARLLES INFORMACIÓN DETALLADA ÁS ENTIDADES LOCAIS E COMUNIDADES AUTÓNOMAS SOBRE O INGRESO MÍNIMO VITAL E A GARANTIR QUE AS ADMINISTRACIÓNS QUE O TEÑAN QUE XESTIONAR CONTEN CON RECURSOS SUFICIENTES

A presidenta da comisión dá conta do contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, manifesta a reserva de voto do seu grupo para o pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, sinala que en principio están de acordo co fondo da proposta, engadindo que en todo caso as atribucións aos concellos na xestión do ingreso mínimo vital debe vir acompañada do financiamento necesario, lembrando novamente a sobrecarga de traballo que coa crise provocada pola pandemia do COVID-19 están a asumir os servizos sociais municipais.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, indica que comparten as propostas de acordo da moción e que votarán a favor dela.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, manifesta a reserva de voto do seu grupo.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourenasa, e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de Ciudadanos (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. **Crear un novo fondo que permita a aquelas EELL que asuman a xestión desta nova prestación**, a través de convenios co Instituto Nacional da Seguridade Social, **atender dita xestión de maneira adecuada** e sen poñer en risco a tramitación das axudas sociais xa existentes nas mesmas.

Sen eses fondos adicionais, será inviable para as EELL xestionar esta nova prestación estatal e por tanto, será inviable a firma destes convenios de colaboración.

2. Solicitar que as EE.LL. dispoñan de xeito urxente do **borrador do texto de convenio que terían que asinar para xestionar o Ingreso Mínimo Vital**, para que poidan analizar cos seus servizos técnicos as implicacións económicas, xurídicas e de xestión que se derivan do devandito convenio, e valorar adecuadamente se a entidade local pode asumir esa xestión ou a mesma permanece no Instituto Nacional da Seguridade Social.
3. Garantir que todas as CCAA poidan participar da mesma maneira na tramitación e/ou xestión desta axuda se consideran que é o máis adecuado para os seus cidadáns.
4. Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno, ao vicepresidente segundo e ministro de Dereitos Sociais e Axenda 2030, ao ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e aos portavoces de grupos políticos do Congreso, Senado e Parlamento de Galicia.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR E DEMOCRACIA OURENSANA PARA ESIXIR A DIMISIÓN DO DEPUTADO RODRÍGUEZ VILLARINO POLOS SEUS ATAQUES A AUTÓNOMOS E PEMES DA PROVINCIA DE OURENSE, E O CESE DO SUBDELEGADO DO GOBERNO POLA SÚA FALTA DE TRANSPARENCIA E ACTUACIÓNS VICIADAS DE PARTIDISMO

A presidenta da comisión dá conta do contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, manifesta a reserva de voto do seu grupo para o pleno, se ben requírelles aos grupos maioritarios que teñan altura de miras, indicando que esta moción e a presentada onte polo PSOE na moción de transparencia, non son o que a veciñanza agarda dos seus representantes políticos.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, indica que está a favor desta moción conxunta e que exporá o seu argumentario na vindeira sesión plenaria.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que el vendo soamente o título da moción xa nin procedeu a lela. Engade que esta moción non achega absolutamente nada á veciñanza, e que o único que pretende é tapar as falcatuadas do grupo de goberno, lembrándolles que coas subvencións aos autónomos se pasaron de listos. Por último pídelles que non perdan o tempo con estas mocións e sobre todo que non llo fagan perder aos restantes grupos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e de DO (1), a abstención de Ciudadanos (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Esixir a dimisión como deputado provincial e como concelleiro no Concello de Ourense do portavoz do Grupo Socialista, Rafael Rodríguez Villarino, xa reprobado por este pleno en decembro de 2019, pola súa actitude destrutiva, especialmente contra os autónomos e PEMES da provincia de Ourense.

2º.- Solicitalle ao Goberno de España o cese do subdelegado do goberno en Ourense pola súa falla de transparencia e ocultación de documentación no expediente que cuestiona as axudas a autónomos e PEMES, aprobadas polo pleno desta Deputación Provincial.

3º.- Darlles traslado deste acordo ao presidente do Goberno de España; aos alcaldes e alcaldesas de todos os concellos da provincia de Ourense; ao presidente da FEMP; ao presidente da FEGAMP; aos presidentes/as das confederacións empresariais de España, de Galicia e de Ourense; aos/ás presidentes/as das organizacións de autónomos a nivel nacional, autonómico e provincial; a todas as asociacións empresariais de Ourense, tanto a nivel provincial comarcal, como local de calquera dos 92 concellos de Ourense.

7º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, roga que en relación co programa “montaña de solidariedade”, no que colabora esta Deputación, se fomente e se colabore noutros campamentos de verán que poidan axudar á conciliación das familias que o precisen.

Roga tamén que desde a Deputación Provincial se manteña informados aos servizos sociais municipais de todas as accións, axudas e subvencións que se fomenten desde a Deputación Provincial.

A **Presidencia** toma nota dos rogos, engadindo que desde a Área de Benestar da Deputación, dende o comezo da crise do COVID-19, se ten un contacto permanente e moi fluído cos servizos sociais de todos os concellos da provincia.

E, ás 18.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.